



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1134-1102

DECRETO DO ALCALDE

Por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 modificouse a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 19.06.2023. Conforme a nova resolución atribuíuse a Concellería de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio e Festas Especiais as competencias municipais en materia de zonas verdes ; comercio; venda ambulante; actividades feiras e mercados municipais e festas especiais.

En data 15 de marzo de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ao Convenio Marco entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal. Dito convenio, instruído pola Xefatura do servizo de Montes, Parques e Xardíns e formalizado en data 15 de marzo de 2024, ten por obxecto continuar as actuacións iniciadas co primeiro acordo marco asinado en data 23 de novembro de 2020 fixando uns compromisos iniciais entre os asinantes e que posteriormente darán lugar á subscripción de convenios específicos. Segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo de 2024 " *Tendo en conta os resultados satisfactorios acadados por ambas partes, tanto o Concello de Vigo como a Diocese de Tui-Vigo están interesadas en formalizar un novo convenio marco para para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal a fin de seguir impulsando e coordinando a realización conxunta de diferentes actividades, fomentando a restauración e o coñecemento do patrimonio cultural e histórico de titularidade eclesiástica da cidade olívica*".

A vista dos resultados do primeiro convenio marco e co fin de dar continuidade aos compromisos derivados da sinatura do convenio considérase aconsellable a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por exposto esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Delegar no Concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/07/2024 08:14	Páxina 1 de 2
1134-1102	CSV: A7A857-BD5B4A-26A342-Y51S3A-TNGET6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas. Así mesmo, deberá ser informada previamente á adopción de decisión de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

TERCEIRO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

CUARTO.- Notificar ao Concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento

SGF

O ALCALDE, ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL, SUSANA GALLARDO FARIÑA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/07/2024 08:14	Páxina 2 de 2
1134-1102	CSV: A7A857-BD5B4A-26A342-Y51S3A-TNGET6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		